

PROGRAMA

Andrés Gaos

Sonata para violín e piano Op. 37

Juan Durán

Sonata para violín e piano

Andrés Gaos

Romance para violín e piano Op. 20

Javier Cedrón, violín

Gabriel López, piano



Instituto «José Cornide»
de Estudios Coruñeses

Homenaxe a Andrés Gaos



Salón da Real Academia Galega de Belas Artes.
12 de novembro de 2024, ás 20.00 h.

Javier Cedrón, violín

Comeza os seus estudos musicais á idade de 6 anos. Con 9 ingresa no Conservatorio Superior de Música de A Coruña, onde obtén o seu título con 18 e, con 19, gaña a praza de Profesor de Violín titular no dito Conservatorio por Concurso-Oposición. Paralelamente ao seu traballo de 28 anos como docente, desenvolve unha ampla actividade concertística que se reparte entre o ámbito da Música Clásica, tradicional e moderna formando parte de numerosas agrupacións e ofrecendo igualmente múltiples colaboracións.

Cabe destacar a súa pertenza á Orquestra Municipal de A Coruña (1989-91), Orquesta de Cámara Galega (1995-2003, ca que edita traballo discográfico estreando como solista o concerto Arcaico de R. Groba), e na actualidade como concertino da Orquestra Gaos (2010-24), coa que tamén edita traballo discográfico.

Forma parte do grupo «Luar na Lubre» (1996-2000) nos seus traballos Plenilunio e Cabo do Mundo (Discos de platino e galardoados con 3 Premios da Música da SGAE), do proxecto de música de raíz Ball Cans (2001-02), con traballo discográfico, da compañía «Nova Galega de Danza» (2003-2004) no espectáculo Alento, tamén editado, e do grupo de tangos e música de raíz «Tempo Catro» (2009-20) co que editou Os ollos que falan. Traballou con Rosa Cedrón (desde 2007) nos seus discos Entre Dous Mares e Nada que perder. Realizou colaboracións discográficas con Susana Seivane, Rodrigo Romani, Uxía, Pepe Vaamonde, Ces e moitos outros artistas do ámbito folk-pop-rock. Compartiu escenario con grandes artistas internacionais como Mike Oldfield, Alasdair Fraser, Ainhoa Arteta, Raphael, Il Divo, Nicanor Zabaleta, Altán, David Grimal e moitos outros.



Gabriel López Rodríguez, piano

Nace en Fene, onde comeza aos 8 anos os seus estudos de solfexo con José González, continuando a súa formación no Conservatorio Profesional de Música de Ferrol con Ricardo Blanco. Conclúe estudos no Conservatorio Superior de Música de A Coruña con Natalia Lamas. Obtén, no seu período de formación, as máximas cualificacións e galardóns e obtén diversos premios en concursos de ámbito nacional e internacional.

Realiza diversas gravacións cos saxos Alejandro Cimadevila ou Jorge García Pardo, co fagot David Novelle, co clarinete Emilio Alonso Espasandín, co contrabaixo Antonio Romero Cienfuegos, co trombón Mateo Naval e ca Coral Polifónica Follas Novas. Realiza no 2018 co saxo Marcos Mariño -formando o dúo Brillante- a gravación da integral de saxofón e piano de Juan Durán. Toca asiduamente con Emilio A. Espasandín, co saxo Alexandre Gallego formando o dúo Sciolto con quen colleita diversos premios internacionais (Verona, Sarajevo, Milán, Atenas, Viena).

No ámbito camerístico colabora ademais cos recoñecidos grupos do panorama español Quinteto de metais Santa Cecilia, Hércules Brass, Airas Ensemble ou Azahar Ensemble Como solista ten interpretado o Concerto para piano e Orquestra nº 5, Emperador, de Beethoven en Ferrol e A Coruña coa Orquestra Gaos, e o Concerto para piano e orquestra en do maior de Leroy Anderson coa Banda Municipal da Coruña e a Banda co CMUS da Coruña baixo a dirección de Julio Cabo Messeguer. Traballa con importantes figuras como Daniel Oren, Leo Nucci ou Alberto Zedda, de quen recibe os mellores eloxios. Estreou obras dos compositores Juan Durán, David Cuevas, Fernando Alonso, Rudesindo Soutelo, Fernando V. Arias, Paulino Pereiro e Margarita Viso, entre outros. Na actualidade é profesor do Conservatorio Superior de Música de A Coruña en calidade de pianista acompañante.

